

ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2017 DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO Á COORDINACIÓN, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMENTO E MONOTORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE 2020 (AESS 2020)

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 12:15 horas, do día 4 de outubro de 2017, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do SERVIZO DE APOIO Á COORDINACIÓN, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMENTO E MONOTORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE 2020 (AESS 2020), que son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Ana María Vigo Fariña, Interventora Municipal
- Dona Mónica Neira Mato, Arquitecta Municipal
- D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- D. Manuel Fernández Cerdeira do grupo municipal do PS de G-PSOE
- D. Xosé Magariños Maceiras do BNG
- Dona Mar Blanco Casais de MOVETE

Non asiste D. Juan M. Constenla Carbón, 1º Tenente de Alcalde.

-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Seguidamente o presidente da Mesa indica que esta contratación é para afrontar ás necesidades de xestión da Estratexia DUSI e que debido á complexidade da mesma e a falta de medios técnicos municipais para poder facer fronte aod proxectos e contratacións necesarias para cubrir as liñas de actuación deste importante proxecto para o Concello da Estrada.

Este contrato atópase dividido á súa vez en dous lotes.

Lote 1.- Para a prestación dos servizos de apoio á coordinación, xestión, control, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI).

Lote 2.-Para a prestación de servizos de apoio técnico na definición e o desenvolvemento das actividades e proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI).

A continuación a secretaria da Corporación explica á Mesa que, durante o prazo de presentación de proposicións, detectouse que tanto no prego de prescricións técnicas como no de Cláusulas Administrativas Particulares omitíronse as obrigas de información e publicidade impostas pola Unión Europea que deberá de cumprir o adxudicatario, así como un erro de redacción no último parágrafo da cláusula 5 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en relación coa "fórmula de revisión de prezos", polo que, por Resolución da Alcaldía nº 782-2017 de 28 de xullo acordouse a súa corrección.

En aras dunha maior transparencia e publicidade desta licitación e para que a concorrencia do maior número posible de licitadores, mediante Resolución da Alcaldía nº 931/2017 de data 31 de agosto, resolveuse entre outros aspectos, publicar novamente o anuncio de licitación tanto no DOUE coma no BOE, BOP e Perfil do Contratante, iniciándose un novo prazo para a presentación das proposicións. Igualmente e de conformidade co establecido no indicado Decreto, comunicóuselle aos licitadores que habían presentado oferta no primeiro prazo aberto deste procedemento, que poderían manter a oferta inicialmente presentada, xa que non hai cambio algúns nos pregos que rixen esta contratación, ou se o preferían presentar nova oferta neste novo prazo de licitación.

As empresas que durante o primeiro prazo presentaron ofertas, e as cales se lles notificou a Resolución da Alcaldía nº 931/2017 de 31 de agosto, foron as seguintes:

- REGIO PLUS CONSULTING S.L.
- RED 2 RED CONSULTORES.
- IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU

-EVERIS INGENIERÍA S.L.U.

Continúa dicindo a Sra. Secretaria que, durante o segundo prazo de licitación aberto, ás empresas -IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU e EVERIS INGENIERÍA S.L.U., presentan unha nova oferta. En canto á empresa RED 2 RED CONSULTORES presenta un escrito ratificándose na oferta presentada no primeiro prazo de licitación aberto. Dado que a empresa REGIO PLUS CONSULTING S.L., durante o prazo concedido non presentou unha nova oferta nin se ratificou na presentada con anterioridade, a Secretaria da Corporación púxose en contacto telefónico coa empresa, a cal lle aclarou que ao non presentar nova oferta entenderon que se ratificaban na xa presentada, ou al menos foron o que interpretaron no Decreto da Alcaldía que se enviou, e para que quedara constancia no expediente así o comunicaron mediante un correo electrónico dirixido ao Departamento de Secretaría do Concello e que se uníu ao expediente de contratación.

A Secretaria da Corporación indícalle á Mesa que comparte a interpretación que a indicada empresa fixo da cláusula terceira do Decreto, polo que considera que non é motivo para excluíla desta licitación.

A Mesa en vista da explicación da Secretaria, por unanimidade acorda admitir ás catro empresas presentadas.

Seguidamente e de conformidade co estipulado no Prego de Cláusulas Administrativas, procédese á apertura do sobre A, e compróbase que todas as empresas presentan correctamente a documentación administrativa.

Polo tanto, e xa en acto público, continúaase coa apertura dos sobres C (criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor).

A este acto asiste en representación da empresa IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU, D. Eduardo Díaz Marcelo con DNI nº 33288873F.

Unha vez abertos os sobres C polo Presidente da Mesa, obtense o seguinte resultado:

-REGIO PLUS CONSULTING S.L., presenta unha oferta solo para o LOTE 1.

-RED 2 RED CONSULTORES., presenta unha oferta solamente para o LOTE 1.

-IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU, presenta oferta para o LOTE 1 e o LOTE 2.

-EVERIS INGENIERÍA S.L.U., só presenta unha oferta para o LOTE 2.

Seguidamente a Mesa, e de conformidade co establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas, acorda pasar as ofertas correspondentes ao LOTE 2 aos técnicos municipais e vogais da Mesa Sra. Neira Mato e Sr. Órrea Corral para que efectúen unha valoración técnica e as ofertas correspondentes ao LOTE 1 pasarllos á Secretaria da Corporación para que efectúe unha valoración xudicial.

Unha vez efectuados estos informes de valoración volverase a reunir a Mesa de Contratación, o cal será anunciado no Perfil do Contratante o día e a hora, para proceder á apertura do sobre B (oferta económica).

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as trece horas e quince minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)